

**D<sup>a</sup> Monserrat Lama Nóvoa**, na súa condición de deputada do Grupo Popular na Deputación Provincial de Ourense, con base no previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de bases reguladora do réxime local e o Regulamento da Corporación, presenta para o seu debate en Pleno a seguinte **MOCIÓN PARA ESIXIR A DIMISIÓN E REPROBAR AO DEPUTADO IGNACIO GÓMEZ PÉREZ**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A representación dos cidadáns esixe que deputadas e deputados provinciais fagamos o noso traballo reivindicando o nobre exercicio da política actuando con educación e respecto.

Solo fai falta repasar as reunións plenarias e de comisións para concluír que existe un membro da corporación que fai do insulto e da mala educación, da descortesía e da infamia, as súas características principais.

No Pleno ordinario do mes de marzo o deputado Gómez Pérez “adornou” o seu tono e a súa actitude habitual utilizando a mentira ata en tres ocasións. Uniu á súa demagogia barata a mentira e deixou en evidencia a súa forma de entender a política, nunca con altura de miras e sempre de xeito “marrulleiro”.

Mentiu negando que nunca estivera incurso en ningunha causa xudicial ao longo dos seus doce anos que leva no Concello de Ribadavia.

Mentiu afirmando que tiña solicitado unha compañeira o cambio de hora/ día dun pleno nun concello para que non coincidira co pleno da Deputación.

Mentiu dicindo que o Presidente non respostara por escrito ás preguntas formuladas no Pleno polos grupos políticos.

As súas “artes”, a indignidade do seu comportamento, os seus insultos e descualificacións, a súa actitude de “matonismo político”, o seu trato despectivo ... mentir en tres ocasións nun pleno aos representantes da provincia de Ourense son cuestións aínda máis graves cando as comete o voceiro principal dun grupo político que ademais cobra unha adicación teoricamente por adicar todo o seu tempo ás súas funcións como deputado provincial.

A mentira nunha cámara de representación política supón a actitude máis insultante e

indigna e inhabilita a quen a pronuncia. Facelo por tres veces na mesma sesión e quedando en evidencia pola presenza de documentos xudiciais, certificados funcionariais e informes do departamento de transparencia, determina que o ridículo e a vergoña sexan compañeiros inseparables do mezquino xeito de entender a política do deputado Gómez Pérez.

En virtude do exposto, propónse que o Pleno da Deputación Provincial de Ourense adopte o seguinte

**A C O R D O:**

- 1- Esixir a dimisión como deputado de Ignacio Gómez Pérez por utilizar a mentira permanente nesta cámara política.
- 2- Reprobar ao deputado Gómez Pérez polo seu labor, actitude e formas indignas da representación política que ostenta.
- 3- Dar conta deste acordo ao Concello de Ribadavia, aos grupos políticos desa corporación, e ás entidades culturais, sociais e económicas nese término municipal.

En Ourense, a 7 de abril de 2016

A deputada provincial,

Asdo.: Dna. Monserrat Lama Novoa.

---

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**